



Cerne

Terra de Melide



ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Xaneiro de 2005. Nº 2. Distribución gratuíta.

Unha nova depuradora de augas saneará por fin o Río Furelos

A contaminación provocou a fuxida de turistas en anos anteriores

O Conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, asinaba coa alcaldesa o pasado día 29 de decembro un acordo de colaboración para instalar esta infraestrutura na vila. A máis de dous millóns de

euros ascende o importe total da instalación dunha depuradora adecuada e do saneamento das augas do río. Unha cantidade que será abonada, na súa totalidade, pola Consellería de Medio Ambiente. **Pax. 5**

O ansiado punto limpo provisional chega tamén á vila

Os empresarios de Melide xa teñen onde botar os residuos industriais e todo o lixo que non recollen os colectores da rúa.

O punto limpo provisional ubícase moi preto do antigo vertedoiro, como solución uxente antes da ampliación do polígono industrial, onde estará o punto limpo definitivo.

De momento, conta con varios colectores e cunha illa ecolóxica. **Páx. 5**



Agora só queda

Remata a fase de exposición do PXOM de Toques

O equipo de goberno do Concello de Toques rexeitou as dúas mocións presentadas por PSOE e AIT para que se ampliara un mes máis o prazo de exposición do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Segundo o alcalde, un mes é tempo suficiente se os veciños teñen interese en coñecelo. **Pax. 10**

O Concello de Santiso rexeita o cambio de trazado da A-54

O pleno de Santiso aceptou, con todos os votos a favor excepto o do PSOE, a moción do grupo Independentes de Santiso, pola cal, posiciónanse en contra do paso por Melide da autovía Santiago-Lugo, que evitaría o paso polo concello santisense. **Pax. 11**



- MOBILIARIO DE COCINA
- DORMITORIOS
- COMEDORES
- TALLER PROPIO

HOGAR DEL MUEBLE

CTRA. LUGO s/n - MADANCLA
15800 MELIDE - A CORUÑA
3.500 m2 DE EXPOSICION

TEL: 981 505 989 - FAX: 981 506 000

C/ AS FONTIÑAS. 25-27
SANTIAGO

(AL LADO DEL RESTAURANTE MONTERREY)

TEL: 981 554 507 - FAX: 981 552 149

TUS IDEAS HECHAS REALIDAD

CONSULTE NUESTRAS FACILIDADES DE PAGO
PROYECTOS Y PRESUPUESTOS SIN COMPROMISO

CALIDAD A SU SERVICIO

MELIDE ABIERTO SABADO TODO EL DIA

Editorial

Santa Bárbara cando trona

Desde ASETEM, aproveitando esta plataforma de comunicación coa sociedade, queremos empezar este número dando as grazas á Xunta de Galicia e, en especial, á Consellería de Medio Ambiente por conceder a Melide a instalación dunha depuradora do século XXI, tan necesaria para a vila desde hai xa varios anos. Por fin Melide terá unha depuradora e un saneamento que eviten a contaminación do río Furelos e, quizais, dentro duns anos, poderemos volver a tomar o baño de verán na nosa praia fluvial, incluso pode que acompañados por turistas.

Todos os que vivimos aquí sabemos que a falta desta infraestrutura xa nos trouxo demasiados problemas e, aínda que chega agora e será moi ben recibida, non podemos deixar de ver que chega tarde.

É certo aquel dito que asegura que “máis vale tarde que nunca”, pero non é menos certo aqueloutro que advirte que, moitas veces, “acordámonos de Santa Bárbara cando trona”.

Os tronos e os lóstregos xa caeron sobre o río Furelos, e a falta de infraestruturas de saneamento de augas provocaron unha evidente fuga de turistas a outras vilas e cidades, sobre todo durante o verán, que era a nosa época forte con respecto ao turis-

mo.

Comerciantes e empresarios da vila puidemos notar como, nos últimos anos, o noso volume de negocio nos meses de calor víase moi reducido con respecto a anos anteriores. Os turistas habituais da vila, no momento no que se prohíbe o baño no río Furelos por causa da contaminación, buscan outros lugares onde poder gozar da xornada de sol e auga. Foxen de Melide cara a costa ou mesmo cara a vilas cercanas onde as praias fluviais si están acondicionadas correctamente. Realmente foi moi triste ver como, despois de construír no río unha área recreativa con piscinas, xogos para os nenos, tobogáns..., os melidenses tivemos que ver como esa área quedaba practicamente inutilizada porque a auga estaba contaminada. E todo por non ter acondicionado correctamente o sistema de saneamento con anterioridade á construción do parque.

Unha vez máis, diñeiro público tirado grazas á pasividade dunha alcaldía que, sobre todo naquel momento, de mans de Mínguel Pampín, non se preocupaba máis que polos seus propios intereses, que case nunca eran os de todos os veciños.

Desde a Asociación de Empresarios Terra de

Melide, vimos solicitando a instalación dunha depuradora como a que agora chega desde hai moito tempo; desde antes de que tronara, desde antes de que a contaminación do río xa non tivera remedio, desde antes de que os nosos negocios se viran mermados na época estival por causa desta circunstancia, desde antes de que os turistas foran facer os seus gastos fóra da vila, desde antes de chegarmos ao extremo de ter que atopar “ cousas moi desagradables ” nas augas da praia fluvial, desde antes de termos que pasar por esa vergonza allea. Despois de moita loita, por fin vemos resultados. Tardíos, pero igualmente necesarios. Despois de ter que sufrir as consecuencias de reclamar algo que era, a todas luces, urxente en Melide, por fin desde o Concello falan de necesidade. Por fin a Xunta responde e por fin o río Furelos vai deixar de recibir sen control todos os residuos que xeramos os seres humanos.

Sen embargo, desde este colectivo esperamos que, polo menos, se den conta do enorme erro que cometeron por no querer recoñecer, antes de que tronara, a necesidade inxente da instalación das infraestruturas que agora, por fin, vamos ter en Melide.

Tribuna de opinión

Preparados, listos, ¡xa!

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ

Coma nunha carreira de fórmula un, ás veces ocorre que, mentres uns van percorrendo todo o circuito, outros queren estar na grella de saída sen pasar polos adestramentos nin polas voltas de quecemento.

Por Melide non ía pasar nunca unha autovía. O primerio proxecto de infraestrutura de comunicación entre Santiago e Lugo estaba previsto por Teixeiro. ASETEM tivo coñecemento disto e reuniu a todas os alcaldes e asociacións empresariais da comarca e das zonas limítrofes para, entre todos, solicitar que o centro de Galicia non quedara baleiro.

Tras esta reunión, ASETEM enviou un escrito ao Presidente da Xunta e pouco despois concederon o cambio de trazado: a autovía pasaría pola zona central da Comunidade Autónoma.

Foi ao ano seguinte cando comezou o problema da famosa curva, que evitaba a vila de Melide bordeando a Serra do Careón e adentrándose nos Concellos de Santiso e Agolada. Entón, xurdiu desde ASETEM e, en colaboración con outros axentes sociais, a Plataforma “Atovía por Melide”.

A continuación da historia é ben coñecida por todos: manifestacións apoiadas por boa parte dos melidenses, loita constante e moito,

moito traballo. Todo isto acompañado de presións, tretas políticas e outras artimañas para nos censurar.

Agora estamos chegando ao final do percorrido, e nós temos o circuito feito. Sen embargo, todos queren participar na carreira.

Todos os que cando tiñan que mirar pola vila non miraron, agora queren estar na foto.

Todos os que tiñan que loitar cando era o momento, empezan a buscar a maneira de dar a volta máis rápido que os demais para quedar campións. Incluso o inimigo público número un, o maior detractor da autovía, Miguel Pampín, agora bótase as flores do triunfo.

O máis seguro, é que o acaben por conseguir. A foto será para eles, gañaran a carreira e alcanzarán o podio sen ter pasado polas fases previas, sen ter dado nin unha soa volta ao circuito. É o que ten o poder...

Pero xa non importa. Para nós xa é tarde. Todos sabemos que, de non ser pola loita constante do pobo de Melide e polos traballos desempeñados pola Plataforma, a nosa vila nunca tería unha autovía.

Por todos isto, cidadáns, non se sorprendan se empezan a ver pola vila heroes antes descoñecidos. Non é máis que a loita encarnizada por saír na foto.

Cerne Terra de Melide

Publicación mensual de distribución gratuíta. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Leticia Trillo González

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188

Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Ángel Curtis, Míngos Fuciños, Vanessa Martínez, Emilio Ares Rico, José Antonio Rodríguez Álvarez, PSOE, PP e BNG de Melide.

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^o Pilar López

IMPRESIÓN: Artes Gráficas La Capital



Gallego e hijos, s.l.

Central: L.G. Laberco, s/n
15810 Arzúa (A Coruña)
Tfno: 981 50 04 29
Fax: 981 50 06 74

-Arzúa
-Melide
-Curtis
-Teixeiro
-Boimorto
-Guitiriz

¿Por que votar non?

XOSÉ IGLESIAS. BNG DE MELIDE.

O BNG decidiu pedir o NON no referendo do Tratado Constitucional que se celebrará o proximo 20 de Febreiro do 2005. Esta decisión foi ben tomada e reflexionada polo conxunto da militancia do BNG.

O BNG dí NON ao Tratado de Constitución da U.E. porque defendemos un SI para construír unha nova Europa, unha Europa social, que defenda os dereitos dos traballadores e das traballadoras, do dereito a producir dos noso labregos e labregas e de pescar dos nosos mariñeiros.

Para o BNG o Tratado ignora as nacións sen estado ao

punto de non existir como concepto, moito menos están presentes como suxeitos dos dereitos ou obrigas no articulado do mesmo. Como galegos e galegas, formamos parte deses máis de 40 millóns de cidadáns da U.E pertencentes a unha nación sen Estado, e non merecemos que se nos ignore. Non se nos reconece o galego como lingua oficial na U.E.

O BNG quere unha Europa que conte cunha verdadeira constitución, que nos reconeza como cidadáns, que non se nos destrúa os nosos sectores productivos ; o Agro, a Pesca, o sector Naval, o enerxético, etc...

Este Tratado non merece o noso apoio pero Europa si merece o noso traballo e compromiso. A nosa oposición ao Tratado é un SI a Europa : unha Europa distinta cunha verdadeira Constitución europea, elaborada por unha asemblea constituínte elixida por todos os cidadáns e cidadás de Europa e que sente as bases dunha Europa dos pobos, máis democrática, máis social e comprometida de verdade coa paz e cunhas relacións internacionais máis xustas.

En definitiva, unha nova Europa que conte realmente cos galegos/as.

Nova rede de saneamento

GABINETE DE PRENSA. PP DE MELIDE

O balance dos primeiros meses de Ánxeles Vázquez á fronte da Alcaldía de Melide é do todo positivo, despois de comprometerse no seu día co pobo, a alcaldesa, dentro das actuacións de traballo a prol do futuro da nosa vila pon en marcha varios dos compromisos adquiridos.

Debido a evolución que está a experimentar a vila de Melide nos últimos anos, fíxose necesaria a xestión dunha serie de melloras medio ambientais polas que se estaba a traballar dende xa hai tempo, e que este ano, Ánxeles Vázquez conseguiu para a nosa vila, co obxectivo de acadar así unha mellor calidade de vida.

Debido ó crecemento de residuos xerados pola poboación que se están producindo en Melide, facíase necesaria a creación dunha rede de saneamento, incluída dentro do programa do Plan Operativo Local (POL) dotado cun orzamento de 779.794 €, cuxas obras comezaron neste mes de xaneiro coa previsión de que se materialicen integramente neste ano.

Esta medida non sería suficiente se non existise unha nova depuradora que grazas ás xestións levadas a cabo pola alcaldesa, Ánxeles Vázquez, co conselleiro de Medio Ambiente, Xosé Manuel Barreiro, asinou o convenio de colaboración para dotar ó municipio dunha estación de augas residuais (EDAR), para o que o departamento autonómico destinará un investimento que ascende a 2.226.538 €. Construírse nun terreo situado no lugar de Portochao, contan-

do cunha capacidade para prestar servizo a unha poboación de até 150.000 habitantes, beneficiándose inicialmente os máis de 8.300 veciños que residen no casco urbano e nos núcleos das parroquias colindantes.

Outro dos problemas existentes é a xestión e separación dos residuos sólidos urbanos e industriais xerados, por este motivo a rexedora nesa mesma reunión transmitiu a inquietude existente no pobo, acadando o obxectivo de establecer o punto limpo en Melide.

Trátase dunha instalación que non crea ningún tipo de dano medio ambiental, onde se seleccionan os residuos para posteriormente ser trasladados a Sogama.

Conséguese asimesmo o compromiso para a construción dunha planta de transferencia no Concello, que estará ubicada provisionalmente nas proximidades do vertedoiro municipal, á espera que nun curto periodo de tempo, este sexa trasladado ó polígono industrial de A Madanela, dando así servizo a Melide e a concellos limítrofes.

Dende o Concello de Melide, preténdese concienciar a todos os cidadáns da importancia que supón para o medio ambiente a separación e reciclaxe dos residuos.

Deste xeito acádase un dos obxectivos do programa electoral, onde Ánxeles Vázquez, segue a traballar por e para Melide, cuxa meta é servir a todos/as con obxectividade e eficacia, ademais de seguir avanzando e enfrontándose a novos retos.

Especulación ou empresa

CONCHA CASARES. PSOE DE MELIDE.

Un empresario da Costa Lucense pensou en Melide, punto intermedio de Galicia, para establecer un dos seus centros de almacenamento coa fin de mellorar a distribución dos seus produtos, fixouse no noso polígono industrial e no solo baleiro que ve nel dende hai uns anos.

Interesado na adquisición dunha parcela, púxose en contacto con XESTUR, onde lle dixerón que non había á venda parcela ningunha, que as últimas foran vendidas neste ano 2004. Os compradores xa as tiñan reservadas previo depósito do 40% do prezo de

venda, e ademais tiñan ó seu favor unha resolución de adxudicación por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Preguntouse se algúns dos adquirintes, sobre todo os que dispoñen de máis dunha parcela, cando presentaron a solicitude de reserva pretendían xerar unha empresa ou negociar coa compra e venda de terreos do polígono.

Seguimos a ver espazo sen construír ou coas construcións de sempre, sen que os propietarios que compraron hai anos, teñan empresa ningunha. Estará por ver se os adquirintes do 2004, fan

algunha construción nos tres anos seguintes, ou pola contra, esperan o momento propicio para vender.

Para evitar a especulación habería que condicionar e controlar as solicitudes de reserva e a posterior compra, limitar o tempo entre solicitude de reserva e de compra, reducir a menos de tres anos o tempo para construción e outras medidas semellantes, pensemos que o destino destes terreos é a creación de industria e de emprego non o de facer negocio coa compra-venda das parcelas.

¿Probará sorte este empresario se se amplía o polígono industrial?

FISCONTA
ASESORÍA

Asesoría de Empresas
JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
CORREDOR DE SEGUROS
Autorización Nº: GF-035

Ronda de A Coruña, 32 - 1º
15800 MELIDE (A Coruña)
www.asesoriafisconta.com - empresas@asesoriafisconta.com

Tel./fax: 981 50 76 23
Tel./fax: 981 50 63 86

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR

BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

Silvia
Novias

Novia- Madrina-
Comunión- Fiesta

Ronda de Pontevedra
48, Bajo. 15800 Melide
(A Coruña)
Telf y fax: 981 507174
E-mail:
silvianovias@yahoo.es

O conselleiro de medio ambiente confía en que a autovía pase por Melide

As accións da Plataforma e de ASETEM empezan a dar os seus froitos

"Eu son de Lugo e agora fago o percorrido por outro lado, pero espero, nun momento non moi lonxano, poder facelo polo seu sito natural, que é atravesando por Melide". Estas foron as palabras do conselleiro e vicepresidente segundo da Xunta, Xosé Manuel

Barreiro, que despois de firmar o acordo para a mellora do saneamento na vila o pasado día 29 de Nadal, tivo tempo tamén para expresar o seu punto de vista sobre o trazado da A-54. Ademais, Barreiro anunciou o remate do Plan PORN para finais deste mes.

Redacción
Melide

Xosé Manuel Barrero destacou no seu discurso a evolución que, nos últimos anos, experimentou o concello de Melide, tanto a nivel social como a nivel económico e industrial. A respecto disto, observou que a autovía Lugo-Santiago "vai xogar un papel decisivo" se pasa preto dunha infraestrutura como a do polígono industrial.

O Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN) no que está a traballar o departamento rexentado por Barreiro en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, vai ofrecer resultados sobre a viabilidade dun trazado que atravesase a Serra do Careón e que, polo tanto, se achegue á vila.

O conselleiro anunciou a finalización dos traballos deste plan para finais deste mes de xaneiro ou comezos de febreiro, e declarou que



A Plataforma Autovía por Melide organizou varias manifestacións para o cambio de trazado

"confiamos en que a solución que dea permita compatibilizar os lexítimos intereses de comunicación de Melide co desenvolvemento da infraestrutura".

O Ministerio tamén propón estudar o cambio
Estas afirmacións chegan despois de que o Ministerio

de Medio Ambiente, pola súa parte, formulara a Declaración de Impacto Ambiental sobre o trazado previsto da autovía, desviado polos municipios de Santiso e Agolada.

Neste documento, publicado no Boletín Oficial do Estado do día 16 de decembro, con-

sidérase "necesario estudar, al menos, una nueva alternativa entre Arzúa y Palas de Rei, que discurra lo más cercana posible a la actual carretera N-547, para poder compararla con la que figura en el estudio informativo sometido a evaluación de impacto ambiental".

Resultado da Declaración de Impacto Ambiental

Redacción
Melide

A Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e do Cambio Climático, organismo dependente do Ministerio de Medio Ambiente, publicou o pasado mes de decembro esta declaración, trámite necesario para proceder á construción da autovía A-54.

Os resultados consideran viables, desde o punto de vista ecolóxico, todos os tramos proxectados no trazado inicial da autovía, feito polo Ministerio de Fomento na etapa Álvarez Cascos. Sen embargo, no tocante ao traxecto entre Arzúa e Palas de Rei, o informe asegura que, por non ter constancia de outras alternativas entre estes dous puntos, non poden pronunciarse sobre a viabilidade ambiental desta única alternativa. É por isto polo que consideran que debería estudarse unha nova alternativa, que pase o máis preto posible da N-547, para poder comparala coa anterior.

Esta observación foi considerada polos axentes sociais de Melide que reclaman o paso da autovía pola vila como un paso máis cara o posible cambio de trazado, que unido ás declaracións anteriores de José Blanco en Monterroso e aos "bos desexos" do Conselleiro de Medio Ambiente, aumentan os indicios favorables ao ansiado achegamento da infraestrutura. Agora queda agardar o resultado do Plan PORN e novas actuacións por parte dos organismos estatais competentes.

Neste sentido, a Asociación de Empresarios ASETEM reuniráse a mediados deste mes co xefe de servizo da Demarcación de Carreteras do Estado, de cuxo resultado informaremos en próximos números deste xornal.

As novidades provocan distintas reaccións

O goberno municipal
Ánxeles Vázquez recomendou asumir con cautela a resolución do Ministerio, adoptando unha actitude "seria e rigorosa" no traballo para "acadar a modificación do trazado" para o que, baixo o seu punto de vista, queda "un longo camiño" por percorrer.

O BNG de Melide
Valoran positivamente a resolución porque contempla a posibilidade de cambiar o trazado, pero amósanse "preocupados" porque non se fale en ningún momento

de que o Concello de Melide propuxo no seu día un trazado alternativo. Por isto, a voceira do grupo nacionalista, Soqui Cea, anuncia que o seu grupo instará a que se someta a estudo informativo o trazado proposto polo Concello de Melide.

O PSOE de Melide
Valoran "moi positivamente" as novas e consideran que responden ao compromiso do goberno central coa vila. Ademais, cren que o informe confirma o "desinterese do anterior alcalde", xa que o documen-

to contempla nun dos seus puntos que, feitas consultas sobre o trazado ao concello, "non se obtivo resposta ningunha" no seu momento.

O alcalde de Lalín
José Crespo afirmou nun pleno municipal que quere que a autovía pase por Agolada. Segundo el, o trazado (que beneficia a municipios dezanos como Vila de Cruces e Agolada) non se debe modificar porque xa obtivo a aprobación da Xunta e foi consensuado con oito municipios. Engadiu, ade-

mais, que non vai permitir que se marxine á comarca do Deza "que é o que queren os socialistas".

Plataforma
Desde a Plataforma "Autovía por Melide" seguen a traballar para que todos estes indicios se materialicen en feitos. O pasado martes día once de xaneiro, varios membros desta agrupación foron recibidos en A Coruña polo xefe de servizo da Demarcación de Carreteras do Estado, ante quen presentaron un trazado alternativo para a autovía.

Por fin os empresarios terán un punto limpo

A planta de transferencia tamén se instalará na vila

Redacción
Melide

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, quixo aproveitar a visita do conselleiro e vicepresidente segundo da Xunta para entregarlle a documentación necesaria para a instalación, este mesmo mes, dun punto limpo provisional preto do antigo vertedoiro.

Isto soluciona os problemas de moitas industrias e comercios que, desde que pechara o vertedoiro hai aproximadamente un ano, non tiñan un lugar adecuado onde votar os residuos que xeraban diariamente e que non tiñan un colector apropiado na rúa.

Á espera da segunda fase de ampliación do parque empresarial, onde se reservarán entre 3.500 e 4.000 metros cadrados para a ubicación definitiva do punto limpo, esta infraestrutura provisional conta con varios contedores nos que separar os distintos tipos de residuos e cunha illa ecolóxica.

Deste xeito, axentes sociais de Melide como ASETEM vén satisfeita por fin unha reivindicación que viñan facendo, tanto ao Concello como á Consellería desde hai máis dun ano; desde o momento en que pechara o vertedoiro municipal.

A planta de transferencia
Trátase dun punto intermedio da xestión do modelo SOGAMA que evita o traslado dos residuos ata a planta central de Cerceda. Permitirá aforrar custos no transporte de residuos sólidos urbanos.

Aínda que, polo momento, non se concretaron prazos nin financiación, Xosé Manuel Barreiro asegurou que “necesariamente, ten que haber unha desas plantas en Melide”.

Recollida de verquidos e nova depuradora de augas en Melide

O río vai deixar de recibir os verquidos que o teñen totalmente contaminado desde hai anos

Redacción
Melide

2.226.538 euros é o que costa dotar a Melide das infraestructuras de saneamento que necesita desde hai xa uns anos. E vai ser a Consellería de Medio Ambiente da Xunta a de Galicia quen asuma en solitario este investimento. En primeiro lugar, recollerá os verquidos directos ao afluente do río Furelos, que provocaron que no ano 2002 se prohibira o baño na área recreativa e que diminuíra a asistencia de turistas á vila, problema desnuciado no seu momento por ASETEM.

E, por outro lado, instalará unha nova depuradora de augas que substituirá á que leva funcionando desde o



A alcaldesa e o conselleiro asinaban o acordo o 29 de decembro

ano 1988.

A alcaldesa e mailo conselleiro, asinaron o acordo de colaboración o pasado 29 de decembro no salón de plenos do Concello, coa presenza de toda a corporación

municipal e de numeroso público.

A depuradora

A nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) vai estar ubicada a carón da vella, é dicir, no lugar do

Folicheiro da parroquia de Furelos.

Vai ocupar unha extensión de 4.000 m² e dará servizo ao casco urbano de Melide e ás parroquias colindantes de Furelos, Santa María, Os Ánxeles e Cazallas, é dicir, a uns 8.300 habitantes. Sen embargo, a infraestrutura está preparada para sanear as augas de ata 15.000 persoas.

En canto aos prazos de execución, o compromiso da Consellería pasa por tela rematada ao mesmo tempo que as obras da rede de abastecemento integral do Proxecto Operativo Local (POL) da Deputación, que dan comezo neste mes de xaneiro e rematarán, previsiblemente, a finais de ano.

O BNG solicita a convocatoria urxente dunha xunta de voceiros para falar da planta de transferencia

Critican tamén a falta de diálogo entre goberno e oposición por non ter informado antes das xestións realizadas

Redacción
Melide

O grupo nacionalista de Melide remitiu un escrito á alcaldía con data de 3 de xaneiro solicitando a convocatoria da xunta de voceiros ante a inminente implantación na vila dun punto limpo e dunha planta de transferencia de residuos, anunciada pola alcaldesa durante a visita do conselleiro de medio ambiente. O BNG asegura que solicitou información sobre a xestión destas infraestructuras en dúas ocasións ao longo do pasado ano 2004, sen recibir resposta ningunha do equipo de goberno. Por isto, denuncian a falta de información e relación do executivo municipal cos

grupos da oposición.

Ademais, apuntan no escrito que hai máis dun ano que non se celebra ningunha xunta de voceiros.

O BNG melidense quere ter tamén unha copia do escrito do presidente da Xunta no que compromete a instalación da planta de transferencia en Melide.

Solicitan ademais unha copia do convenio asinado coa Consellería de Medio Ambiente para a instalación da nova depuradora e, na caso de que se rexeite a convocatoria da xunta de voceiros, información sobre as características da nova planta, posible ubicación, prazos previstos de instalación, etc.

A denuncia de UXT aos catro edís do PP segue o seu curso

O día 12 declaraba a empresa Celta Prix no xulgado

Redacción
Melide

Os próximos en ser chamados a declarar ante a xuiza do Xulgado de Instrucción número 1 de Arzúa van ser os catro concelleiros denunciados polo sindicato: Imerio Curros, José Roca, Jesús Castro e Manuel Rúa. Como informamos na anterior edición, o motivo da denuncia é o ocorrido na noite do 26 de novembro, na que estes catro edís realizaron o traballo de limpeza e recollida de lixo en Melide porque os traballadores da empresa Celta Prix estaban en folga.

Tralos trámites pertinentes, a denuncia pasará á Audiencia Provincial, onde se podería xulgar aos denunciados conforme á lei de

enuizamento criminal, como un delito contra os dereitos dos traballadores.

O representante de UXT, David Barrio, declarou a este xornal que ten “total confianza na imparcialidade da xustiza e que espera “que caia todo o peso da lei sobre os denunciados”.

Celta Prix non cumpre

A empresa de limpeza non está a levar a cabo o acordo asinado cos traballadores e con UXT que puña fin a 18 días de folga. Nel comprometíanse a un incremento salarial de 100 euros mensuais, compromiso que tiña que cumprir con data de 1 de novembro. Dado este incumprimento, o sindicato ten denunciada tamén á empresa ante a autoridade laboral competente.

Os alumnos da escola taller realizaron sete actuacións na vila

Redacción
Melide

A recuperación do entorno das capelas de San Roque e do Carme, a rehabilitación da capela de Furelos e o acondicionamento dos locais dos baixos do Conello son algúns dos traballos feitos polos rapaces da escola taller. Despois dun ano e medio de traballo, os alumnos de entre 18 e 25 anos que participaron na formación en canteiría, xardinería e albanería recibiron o seu diploma das mans de diversas autoridades o pasado 20 de decembro.

A alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez, acompañada do director xeral de promoción e emprego, Andrés Castro e das delegadas provinciais de Asuntos Sociais e de Familia, Cristina Azpilcueta e Rosa Gómez, destacou o labor dos alumnos na vila e expresou o seu desexo de que os



Etorno da Capela do Carme despois do traballo dos alumnos

mozos sigan "construíndo futuro e que sexa aquí en Melide".

Pola súa parte, o director xeral de promoción e emprego quixo destacar o dato de que "o 70% dos alumnos que participan neste tipo de escolas consegue integrarse no mercado laboral en pouco tempo".

De feito, dos 36 alumnos que comezaron o curso, a metade deixárono sen

rematar porque atoparon traballo durante os 18 meses que durou.

Ánxeles Vázquez anunciou ademais no acto de clausura que, por parte do Concello, van intentar que comece proximamente a terceira escola taller de Melide.

A realización deste curso supuxo un investimento por parte da Xunta de 590.000 euros, uns 16.00 euros por alumno.

Melide no Parlamento por boca dos máis novos

Redacción
Melide

Algúns destes alumnos da escola taller formaban parte tamén do programa europeo "Participa", por medio do cal, foron recibidos no Parlamento de Galicia para expor, ante os deputados, a súa opinión sobre os problemas da mocidade.

Ademais de suxerir aos políticos da cámara novas fórmulas de educación e medidas para mellorar os ciclos de formación profesional, fixeron tamén unha valoración das posibilidades que ofrece ao futuro da xuventude a comarca de Melide.

Tanto nos sectores de comer-

cio e hostalería coma no agrario e forestal, sinalaron a necesidade de establecer novas fórmulas de explotación de recursos adaptadas ao turismo, ao paso constante de peregrinos e ás novas demandas da xuventude: diversificación de produtos, novas alternativas de consumo, etc.

O Concello "non cre necesario" revisar o subministro eléctrico do polígono industrial

Así respondía a un rogo do PSOE de Melide

"Non, por non o crer necesario." Foi a resposta dada polo Concello de Melide á pregunta do PSOE sobre se se tomaron medidas referentes á iluminación do polígono. O goberno municipal afirma que o motivo polo cal non houbo iluminación no parque entre os días 4 e 25 de novembro vén dado por "problemas técnicos da empresa subministradora". Como xa informamos na

edición anterior deste xornal, o PSOE de Melide emitiu un rogo ao equipo de goberno do Concello para que se fixera unha revisión completa na iluminación do parque industrial da Madanela e para que se investigara un posible uso fraudulento da enerxía. Finalmente, este rogo foi rexeitados polos votos en contra do goberno municipal.

Continúan as discusións municipais sobre os Orzamentos do Estado

Para o PSOE son os mellores e para o PP os peores

Redacción
Melide

O grupo socialista municipal presentou no pleno ordinario do pasado 29 de decembro unha moción pola cal instaba á corporación a recoñecer "o grande esforzo feito polo goberno socialista" nos Orzamentos Xerais do Estado para 2005 (OXE). Segundo o voceiro Manuel Prado, a Xunta de Galicia e o Partido Popular están a desacreditar "os orzamentos máis importantes da historia democrática de Galicia". O PSOE sostén que estas partidas dedican, por primeira vez, máis da metade do gasto ás políticas sociais. Asimesmo, sinalan cifras moi positivas en relación con Galicia, entre as que están 249 millóns de euros

en transferencias directas para paliar os efectos do Prestige e financiar danos futuros derivados da catástrofe.

O PP, sen embargo, falou no pleno de cifras moito máis negativas, asegurando que os OXE outorgan un 18% menos de incremento económico para a comunidade que o goberno Aznar e que incumpren sistemáticamente o Plan Galicia. Con isto último está de acordo tamén o grupo do BNG, que presentou unha enmenda neste sentido á moción do PSOE.

Aínda que o voceiro socialista dixo non saber de onde sacan estas cifras os populares, a moción foi rexeitada polos sete votos en contra do equipo de goberno.

Muebles PAULA

EL CENTRO DEL MUEBLE
EN EL CENTRO DE GALICIA

Teléfono: 981 50 57 59
Ctra. a Lugo, a 2 Km. de Melide
15800 MELIDE (A Coruña)

DP RISA

Melide Moda Joven

O BNG non consegue que se acepten as súas propostas

3 mocións presentadas 3 mocións rexeitadas

A mellora do firme dos arredores do centro médico, o cambio de nome dalgunhas rúas e a supresión de barreiras arquitectónicas na vila. Ningunha das tres accións foi considerada oportuna polo equipo de goberno. Non porque non, ou non porque non é o momento, pero sempre non.



A rúa Dr. Fleming non é prioritaria para o PP neste momento

Redacción
Melide

A primeira das mocións presentadas ía acompañada de varias fotografías. Nelas presentábase o estado cualificado polo BNG de "lamentable" no que se atopa o firme da rúa Doutor Fleming e as súas beirarrúas. O grupo nacionalista solicitaba que se mellorara neste recén chegado 2005 o firme desta rúa e tamén a iluminación de toda a zona próxima ao centro médico, que consideran "escasa".

Esta moción foi rexeitada cos votos en contra do equipo de goberno e os votos a favor do BNG e o PSOE. O motivo dado pola alcaldesa no pleno é que existe xa un plano de traballo para arranxar rúas, e que esa precisamente non é das prioritarias, xa que hai outras peores. Ante esta afirmación, a voceira do BNG, Soqui Cea, pediulle á rexedora que lle dixera cáles son as rúas que están peor que a Doutor Fleming, pero non obtivo resposta.

A continuación, o grupo nacionalista propuxo nunha segunda moción que se cambien os nomes das rúas Martín Freire e Xeneral

Franco, coa fin de "suprimir cantos signos e símbolos pertencen a tan triste período histórico". Esta proposta foi rexeitada cos mesmos votos a favor e os mesmos en contra que a anterior, e uns motivos do máis clásico. A voceira do grupo popular argumentou que "es una parte de nuestra historia" e que, aínda que non compartan as ideas dunha dictadura, hai que aceptar que existiu. E rematou dicindo que "de momento, no queremos cambiar el nombre de ninguna calle".

Por último, os membros do goberno municipal tampouco consideraron oportuno neste momento elaborar unha ordenanza municipal para a supresión de barreiras arquitectónicas proposto polo BNG e apoiado tamén polo PSOE. Pero si designaron un prazo de seis meses para convocar unha xunta de voceiros, na que cada un expoña as súas propostas para elaborar esta ordenanza, aínda que a alcaldesa non quixo asegurar que se fora facer definitivamente, xa que habería que "estudar os pros e os contras, ata onde se chega economicamente, etc."

26 adultos de ata 88 anos aprenden cada día no IES

Este ano, ademais, comparten a súa experiencia con outros alumnos europeos

Redacción
Melide

Contar á xente que estudar a unha idade xa avanzada é algo normalizado en toda Europa, e que os beneficios son enormes. Este é o obxectivo da campaña "Como chegar a Xoán, Manfred e María", que forma parte do programa europeo Grundtvig 2 e no que participa do Instituto de Educación Secundaria de Melide como coordinador do proxecto. Varios socios de distintos países forman parte desta experiencia, todos eles dedicados a traballar con xente adulta; desde dun centro municipal en Suecia, pasando por centros de ensino de grao medio en Alicante e Italia, ata un centro universitario en Bélxica.

Este é o segundo e último curso da campaña, coa que compartiron ideas e experiencias coas persoas dos outros centros. O ano pasado viaxaron ata Melide os profesores de Suecia, Bélxica, Italia e Alicante, e este ano reuníronse todos de novo en Bélxica no pasado mes de decembro. Por medio deste proxecto, os socios participantes pre-



Alguns dos alumnos de educación para adultos do IES

tenden marcar unhas pautas para que, no futuro, as vaia aplicando cada centro e as transmita aos seus alumnos.

En Melide falta tradición
"O instituto quédame lonxe", "non me atrevo", "eu xa non estou para iso", "estudar é cousa da xente nova", "non teño tempo", "non o necesito para nada" ou "eu iría se viñese alguén comigo". Son algunhas das desculpas máis comúns que poñen os adultos melidenses cando se lles pregunta por qué non matricularse nas clases para adultos. Segundo o profesor encargado destas aulas, José Tomás, o que queda por facer é motivar á xente, pero "os resultados

son moi lentos porque falta tradición".

Neste momento, hai 26 alumnos matriculados na educación para adultos do IES, que conta con tres niveis: o primeiro de alfabetización, para persoas que non saiban ou teñan dificultades para ler e escribir, o segundo para os que teñen un baixo nivel de coñecementos nas áreas básicas, e o terceiro para aqueles que queiran obter o título de graduado en Educación Secundaria (ESO). A matrícula é gratuíta e o único requisito é ser maior de 18 anos, ou menor pero intergrado nun programa de garantía social.

A despedida de "un home de ben"

Centos de persoas acompañaron á familia de Xosé Andrés Ares no seu último adeus

Nacido na parroquia de Barreiro en 1923, Xosé Andrés Ares Lois foi un home polifacético e de importante relevancia social na Terra de Melide.

Aos 22 anos comeza a dar clases na Academia de Bacharelato Balmes, converténdose moi pronto en director da mesma.

No ano 1970 é elixido alcalde de Melide, posto que ocupa ata 1978.

Durante o seu mandato desenvólvese a feira de Melide tal e coma hoxe a

coñecemos, cambiando a súa ubicación no centro da vila para os pavillóns actuais. Pero entre os seus logros máis importantes hai que destacar a consecución dun xulgado para Melide, a instalación na vila do cuartel da Garda Civil e tamén a construción do vello instituto.

En 1979 recibe a súa primeira homenaxe na vila de Melide e, nese mesmo ano, oposita en Madrid para unha praza de inspector de Política Lingüística en A

Coruña. Alí traballará ata o ano 1988, no que colle a xubilación, volve á vila, e é homenaxeado de novo polos veciños de Melide.

Persoas achegadas a el definenlo como "un home de ben que sembrou e recolleu".

Xosé Andrés Ares emprendía a súa última viaxe o pasado día 30 de Nadal. Tres días despois recibía sepultura no cemiterio de Barreiro acompañado por centos de persoas que quixeron presentar os seus respectos á familia.

Os muíños da Terra de Melide, patrimonio histórico e símbolo de identidade dun pobo

A primeira metade do século XX debeu ser a súa etapa de maior actividade, que foi decaendo a partir dos sesenta

No curso 1991-92, un grupo de alumnos do entón IB de Melide, coordinados por un profesor, decidiron realizar un traballo etnográfico sobre os muíños por varios motivos. O primeiro, polo seu valor como patrimonio histórico, cultural, arquitectónico e artístico. Tamén polo seu valor como símbolo de integración home-medio, pola súa potencialidade para a investigación histórica, pola súa importancia como recurso no medio rural e, en definitiva, pola necesidade da súa recuperación para evitar que desaparezan sen deixar rastro.

Entrevistas cos muniñeiros que quedaban vivos naquel momento ou cos seus herdeiros, percorrido pola zona para catalogar cada un dos muíños, traballo de biblioteca, recollida de documentación, etc.

Todo isto deu como resultado un amplo informe que define, clasifica

e identifica 63 muíños, que son só algúns dos que existen na comarca. Moitos atopáronos en ruínas e abandonados, pero outros aínda estaban funcionando ou, se non, ben coidados e conservados.

Ademais, o estudo foi máis alá e quixo documentar tamén a importancia social do muíño, xa que, na súa época de maior actividade, a moenda do pan era unha especie de foro no que os veciños falaban, cantaban, coñecíanse... Moitos matrimonios xestáronse en muíños mentres a fariña ía enchendo o saco.


Este completo traballo, titulado "Os Muíños, unha especie en perigo de extinción", foi recoñecido co Primeiro Premio do Certame Estatal de Jóvenes Investigadores en 1994, galardón otorgado polo Ministerio de Educación.

Ledicia Trillo
Melide

Trece eran os muíños que seguían funcionando no ano 1992. Agora xa son bastantes menos. É evidente que o cambio social e económico tivo moito que ver co peche funcional destas estruturas. O cobro de pensións, tanto de xubilación como de enfermidade, permitiron a moitos agricultores deixar de traballar o campo e diminuíu a produción de cereais. A xente que quedaba no campo era xa bastante maior e non podían desempeñar un traballo tan duro como é o do muniñeiro. Ademais, os panadeiros empezaron a levar o pan ás aldeas, e moitos veciños deixaron de cocer nas súas casas.

En definitiva, unha serie de circunstancias que fixeron que o muíño deixara de ser rendible economicamente como o fora antes dos sesenta. Daquela, o dono dun muíño gozaba dunha posición privilexiada na aldea. Non se pode determinar o que gañaban en cartos porque cobraban en fariña; unha parte vendíana en feiras e outra ía para consumo propio ou para almacenar e vendela máis adiante aos veciños que quedaban sen ela. É dicir, que os muniñeiros vivían, en xeral, folgadoamente.

Agora a rendibilidade económica desapareceu por completo, pero aínda quedan muíños que achegan á comarca unha riqueza cultural moi importante.



O muíño das Fervenzas de Toques foi restaurado hai uns anos

Historia e propiedade

Os documentos das excavacións arqueolóxicas do castro de A Graña acreditan a existencia de muíños planos en períodos anteriores á ocupación romana; alá polos séculos III, II e I antes de Cristo.

Na Alta Idade Media, segundo algúns autores, empezouse xa a usar a forza motriz da auga para moer, e os muíños instaláronse á beira dos ríos ou regatos.

Pero foi a Idade Contemporánea a que veu o apoxeo destas construcións. Mesmo consta documentalmente que aínda en 1906 construíuse un muíño en Paradela (Toques).

Dos 63 muíños estudados polos rapaces do Instituto, os máis antigos son o de Piñeiro e o das Fervenzas (os dous no concello de Toques), que rondan os **catrocentos anos**. Ademais, hai outros que pasan dos douscentos anos, coma o de Vilanova ou o do Riveiro (Melide), o de Pontigo ou o de Casanova (Toques) ou o do Monte (Santiso).

O sistema de propiedade
Nesta comarca os muíños teñen dous tipos de donos: un particular ou unha comunidade de veciños. Neste último caso, a explicación está no xeito de vida dos nosos devanceiros. Os

proprietarios tiñan a obriga de colaborar para que o muíño se mantivera en bó estado. Pero isto convertíase nun problema no momento en que algún deixaba de colaborar, e moitos deixaron de traballar en parte por esta causa.

Nos muíños de propiedade particular móiase para consumo propio ou ben para outras persoas a cambio dun pago en especies que recibía o nome de "maquía".



Un terceiro sistema, aínda que minoritario, era o do aluguer. Como exemplo, o muíño da Ponte das Olas (Catasol) foi alugado en 1958 por oito ferrados/mes.

O muíño centro social

O muíño era un eixo básico da alimentación na aldea e, polo tanto, un lugar moi frecuentado por todos os que vivían ao seu redor. A actividade social dentro do muíño era a mesma que hoxe podemos ter en bares e cafeterías ou pubs pola noite. Explicano moi ben os autores do traballo "Os muíños, unha especie en perigo de extinción":

"Había un ir e vir de mozos, nenos e vellos, e pola noite o muíño convertíase nun lugar grotesco e incluso medoñento, xa que aparecían farois acesos polas corredeiras e todos enfariñados. Alí os vellos contaban os seus contos mentres o muíño moía, e os mozos convertían aquel sitio nun baile de noite e de día, coa música monótona que se facía ao moer. Os mozos, coa desculpa de axudar ás mozas a levar o saco de fariña á casa, aproveitaban para botar unha parrafada. O muíño era un lugar de reunión onde se criticaba e falaba de todo e de todos, e as muiñadas considerábanse festivas. Os rapaces ían coas avoas ao muíño e alí xogaban botándose polo cubo do muíño cando estaba parado."

Debuxos do muíño feitos por alumnos do antigo IB



Cantigas da vida no muíño

- | | |
|---|---|
| <p>1. O muíño taina, taina e a auga faino tainare, e as fillas do muiñeiro arreaban por se casare.</p> <p>2. Anda a roda anda derredor canto máis anda máis lle quero ó meu amor.</p> | <p>3. Fun ó muíño con Paula fun ó muíño con ela ela durmiu nos meus brazos eu dormín nos brazos dela.</p> <p>4. Fun ó muíño moer, nin moín, nin muiñei, perdín a trenza do pelo iso foi o que eu gañei.</p> |
|---|---|

Fotos actuais dalgúns muíños

O muíño de Fraga (Toques) aínda moe na actualidade



O pozo dun muíño de Catasol (Melide)



As entradas de auga para as dúas rodas do mesmo muíño



Traballo de autores

Hai doce anos xa que un grupo de rapaces tiveron a idea de facer un traballo sobre os muíños da Terra de Melide. Non foi nada fácil, xa que este tipo de estudos non teñen cabida dentro do ensino oficial e, polo tanto, tiveron que propoñelo como unha actividade extraescolar. No seu tempo libre, os rapaces ían aos muíños que había preto das súas casas, sacábanlles fôtos e falaban cos muiñeiros vivos, cousa que non sempre foi fácil, porque xa sabemos que hai algunhas persoas bastante reticentes a falar da súa vida...

Os venres pola tarde reuníanse todos no instituto e puñan en común co profesor coordinador Xulio Pérez os seus datos. Ao fin, conseguiron un estudo moi completo da muiñoloxía da comarca que, como xa queda dito, recibiu o primeiro premio dun concurso a nivel estatal en 1994.

Os nomes

Aínda que contaron coa axuda de moitos compañeiros do instituto, os alumnos autores do estudo son cinco:

- Isabel Buján Mosteiro
- M^a Luz Campos Varela
- X. Ramón Combo Villamor
- Rosario Villamor Rodríguez
- X. Carlos Rodríguez Abad

As conclusións

Tras moitas horas de traballo, os autores séguense preguntando se os muíños están condenados a extinguirse ou se queda algún oco para eles. É certo que xa non son rendibles economicamente e que os bares e cafeterías son agora o punto de reunión dos veciños, pero os muíños son pezas históricas de gran valor que non se deberan deixar desaparecer. Os rapaces popoñen, para a súa supervivencia, usos como refuxios de pesca, obtención de fariña para alimentos biolóxicos, etc.

O alcalde cre que un mes é suficiente se os veciños teñen interese

O Concello de Toques non amplía o prazo de exposición do PXOM

Xesús Ares opina que “se non nos enteramos é que non se ten interese”, e que nun concello pequeno coma o de Toques, un mes de exposición do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) é suficiente. Con estes argumentos, os seis votos dos concelleiros non adscritos rexeitaron a moción presentada polo PSOE e por AIT.



O pleno ordinario no que se discutiu o asunto tivo lugar o pasado día 4 de xaneiro

Redacción
Melide

Xa rematou o prazo de exposición do PXOM no Concello de Toques a pesar de que a oposición considera que os veciños aínda non tiveron tempo de informarse correctamente.

A concelleira do PSOE, Cruz Bande, cre que o PXOM “vai condicionar o futuro de Toques” e que, polo tanto, o tempo de exposición pública debería ser o máximo permitido pola lei, é dicir, dous meses.

O alcalde, sen embargo, cre que cun mes chega, xa que desde o Concello se enviaron notificacións explicativas a todos os

veciños e “se non nos enteramos é que non interesa”.

“Esta presa faime desconfiar”, sentenciaba Cruz Bande ante a negativa do alcalde á súa proposta. Segundo a concelleira socialista, moitos toqueses están “desconcertados”, consultando con avogados e tentando enterarse ben do que supón a aprobación do PXOM.

Xesús Ares, pola súa parte, increpou estas afirmacións dicindo que “vostedes explican as cousas á súa maneira”, palabras que Cruz Bande tomou como unha acusación de manipulación, e así quixo que constara en acta.

Non houbo fase de suxerencias

O voceiro do grupo AIT, José Ángel Penas, quixo saber tamén porque non existiu a fase previa á exposición na que os veciños poden facer as súas suxerencias para a elaboración do Plan. O alcalde non respostou directamente a pregunta, pero deu outra solución: “os que non estean conformes que fagan reclamacións e apoiáremolas ao cen por cen”. “Que cada un solución o seu” foi a idea achegada polo concelleiro Daniel Sánchez.

A Consellería de Política Territorial aprobará agora definitivamente o PXOM.

A presidenta da Asociación Cultural “A Toca” acusa a Xesús Ares de mentir constantemente

O alcade acusou a esta asociación de deixar un local público “en condicións deplorables” tralo seu uso

Redacción
Melide

“Vostede minte constantemente”. Foron as palabras dedicadas por Marta Bande, presidenta da Asociación Cultural A Toca, ao alcalde de Toques, Xesús Ares.

O suceso ocorría durante a celebración do pleno municipal do pasado día 4 de xaneiro, ao que Marta Bande acudiu como público. O Concello de Toques negou recentemente a esta asociación o uso da escola de Souto para a realización dun curso de baile. Na carta da negativa figuraba como motivo o feito de que a asociación A Toca deixara en “condicións deplorables” ese mesmo local tras outro curso de baile impartido hai dous anos.

En aras dunha moción presentada polo grupo AIT para que o Concello cedese os

locais sociais públicos a todas as asociacións e grupos que o requirisen, e tralo rexeitamento da mesma por parte do goberno municipal, o alcalde referiuse de novo á Asociación Cultural A Toca e asegurou que existen fotos que acreditan o mal estado no que quedou o local tralo seu uso.

Foi entón cando Marta Bande pediu a palabra para afirmar que a asociación que preside deixara no seu momento a escola de Souto en perfectas condicións e que, polo tanto, o alcalde estaba a mentir.

A este respecto, a voceira do PSOE, que tamén forma parte da asociación e que participara no curso de baile, quixo respaldar as palabras de Marta Bande reiterando que a escola de Souto quedara en perfecto estado tralo curso de baile.

Continúan as deficiencias na percepción da TV en Toques

Redacción
Melide

O equipo de goberno asegura que están a facer as xestións pertinentes para mellorar a visualización de varias canles de televisión que non se perciben correc-


tamente no territorio toquense.

Pola súa parte, a concelleira socialista Cruz Bande quixo lembrar ao alcalde no pleno que “levan xa seis anos dando a mesma resposta”.



**NEUMÁTICOS
SEIJAS**

Avda. de Lugo, 30
Tfno./Fax: 981 50 56 67
Móvil: 670 50 56 05
15800 MELIDE (A Coruña)



LAVADO Y ENGRASE
VENTA DE REMOLQUES

DISTRIBUIDOR DE:

BRIDGESTONE

FIRESTONE

DAYTON



A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de
Melide

O Concello de Santiso non quere que se cambie o trazado da A-54

O alcalde e o concelleiro da oposición Ovidio Leiva solicitaron unha audiencia co secretario de Fomento



Redacción
Melide

Con data de 2 de decembro, o concelleiro independente Ovidio Leiva presentou unha moción ao equipo de goberno de Santiso na cal instaba ao Concello a posicionarse en contra do posible cambio de trazado da autovía Santiago-Lugo, que evitaría o paso por Santiso para achegarse a Melide.

Coa mesma data, o alcalde Ramón Villar solicitou unha audiencia co secretario do Ministerio de Fomento en A

Coruña da que espera resposta.

Ademais, a moción insta aos demais Concellos afectados (Antas de Ulla, Agolada, Rodeiro, Lalín e Vila de Cruces) a que fagan o propio, xa que, segundo Ovidio Leiva, o cambio perxudicaría a 70.000 persoas (habitantes destes concellos) para favorecer a 7.000 (habitantes de Melide). A moción presentouse en pleno o pasado día 4 de xaneiro e foi aprobada con todos os votos a favor excepto o do PSOE.

O dono do terreo decidiu finalmente cedelo para que empecen as obras A depuradora de augas de Chorén instalaráse no lugar previsto



O lugar de Chorén terá por fin alcantarillado

Redacción
Melide

Tras meses de discusións, as obras do alcantarillado de Chorén, núcleo da parroquia de Barazón, comezarán proximamente.

Despois da reunión entre o alcalde, a oposición e os veciños afectados celebrada o pasado 19 de decembro, o propietario do terreo sinalado polos técnicos como o adecuado para a instalación da depuradora de augas, decidiu dar o brazo a torcer e ceder os 160 metros cada-

dos necesarios da súa finca para que as obras comencen canto antes.

Como informamos na edición anterior deste xornal, o proxecto estaba parado porque os donos dos dous terreos axeitados para ubicar a depuradora negábanse a donalos e tamén a vendelos. O alcalde Ramón Villar informou aos veciños nunha xuntanza de que, se algún non cedía, a única solución ía pasar pola expropiación dun deses terreos.

Tras unha marxe de tempo concedida polo alcalde para que os afectados reflexionaran, chegou a solución. Deste xeito, o lugar de Chorén poderá proximamente solucionar os seus problemas de saneamento ao contar cunha rede de alcantarillado.

Un enxeñeiro visitou o terreo o pasado 4 de xaneiro. O prazo de execución das obras aínda está por decidir, pero xa non hai impedimento para empezalas.

PRODUCTOS ALIMENTICIOS **MELLA, S.L.**

DELEGACION SANTIAGO:
Polígono del Tambre - C/. Gutenberg, Nave 6
Telfs. 981 587 136 - 981 587 133

C/. Juan XXIII, 49
15.800 MELIDE (A Coruña)
Telf. 981 506 068

COREN FRIGOLOURO MOLINA
FORLASA FRIGSA

Sobrado contará pronto cun campo de fútbol

Capacidade para arredor de 300 persoas, herba natural e iluminación adecuada.

Son as características do campo de fútbol que empezou a construírse en Sobrado o pasado mes de decembro.

O custe destas obras ascende a máis de 600.000 euros, dos que un 75% achega a Deputación de A Coruña e o 25% restante o Concello.

Ubicarase no lugar dos Campos Aregados e será o primeiro campo de fútbol existente neste municipio.

Nova aula de lectura con conexión a Internet vía satélite en Sobrado

O Edificio de Servizos Múltiples será o que acolla a nova aula de lectura municipal que ata o de agora se atopa na Casa do Concello. Mediante o plan "Internet nas Bibliotecas" organizado pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, esta nova

infraestructura social contará cunha conexión a Internet vía satélite, é dicir, coa mesma capacidade de datos que unha banda ancha ADSL.

As obras comezarán nos próximos días e pronto estará a disposición de todos os veciños.

Adolfo Alvarez
Confecções

CONFECÇÃO SELECTA
Gral Franco, 38

OPORTUNIDADES
Rda. A Coruña, 22

A moda da decoración rústica deixa paso ao estilo dos setenta e ao etnicismo

As novas tendencias reflíctense no escaparate de Escayolas Sito

Máis de quince anos no negocio da decoración en escaiola posicionan á empresa Escayolas Sito nun lugar privilexiado no coñecemento das tendencias de decoración.

Os gustos das persoas que queren acondicionar as súas vivendas ou negocios foi variando ao longo destes anos, desde o estilo máis barroco, con elementos moi contorneados e adornados, ata o máis sinxelo, de formas lisas e anchas.

A vila de Melide conta desde o ano 1997 cunha tenda de decoración que pon ao seu alcance todos os elementos decorativos de última moda, o máis novo e o máis reclamado polo público en cada momento. Escayolas Sito conta ademais cunha sección de manualidades para aqueles que queiran decorar a súa casa coas súas propias ideas: pinturas, figuras de escaiola para pintar, vernices, etc.

Todo isto moi cerca dos melidenses, na Ronda de Pontevedra 75.

A moda do exótico lévanos ata a China

O gusto polo asiático e polo étnico impera neste momento entre os decoradores.



Alguns dos adornos chineses máis vendidos neste Nadal



Abstracto e sinxelo á vez: dúas condicións necesarias



Os cadros que se levan recordan ás vangardas do século XX

As molduras de escaiola tamén se modernizan

Dos milleiros de adornos, liñas complicadas, moi moldeadas e incluso enrevesadas que decoraban as molduras de escaiola dos fogares hai poucos anos, pasamos á sinxeleza pura. Os novos decoradores foxen do adorno e van ás liñas lisas e anchas no remate dos arcos, nos falsos teitos, nos remates das paredes, etc... Destaca a decadencia do florón da lámpada. As lámpadas modernas prescinden deste soporte de escaiola que antes non faltaba en ningunha casa. Sen embargo, os arcos seguen sendo moi solicitados.

O típico cadro de caza do salón pasou á historia

Nin Velázquez, nin Rubens, nin Rembrandt. Os gustos en decoración están agora moito máis preto de Picasso, de Van Gogh, ou mesmo de Duchamp. Liñas básicas, formas xeométricas e imaxes moi abstractas. Son os cadros que decoran as vivendas e negocios das persoas que queren estar á última en decoración, e sobre todo dos clientes de Escayolas Sito, que esgotan as existencias deste tipo de produto que, de seguro, non lle gusta moito aos nosos avós...



Os arcos, de molduras lisas e anchas, substitúen ás portas dentro das casas

Banesto ofrece créditos a empresas sen intereses nin gastos de apertura

Ata 120.00 euros para tecnoloxías da comunicación

Redacción
Melide

A entidade bancaria Banesto, con sucursal en Melide, asinou recentemente un convenio de colaboración co Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Éste permite á entidade ofrecer créditos bancarios a empresas sen intereses nin gastos de apertura, a amortizar mensualmente en tres ou cinco anos. Os requisitos que teñen que cumprir os beneficiarios

pasan por ter menos de cincuenta empregados e un volume de negocio inferior a dez millóns de euros anuais. Os empresarios interesados poderán solicitar un máximo de 120.000 euros para investir en Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC), é dicir, hardware, software, comunicacións, servizos, consultoría, periféricos, etc. A oferta é contratable ata o 30 de novembro ou ata que se esgote a partida asignada.

Subvencións de interese para comerciantes e empresarios

Publicadas no Diario Oficial de Galicia con datas de 16 e 17 de decembro de 2004:
-Orde de 3 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións para a mellora de cafeterías, cafés, bares e restaurantes para 2005.
-Orde de 3 de decembro de

2004 pola que se convocan subvencións a empresas privadas para a creación de hoteis.
-Orde de 9 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións para o fomento do turismo de saúde en Galicia.

Revisións médicas para empregados sen se ter que desprazar

A Asociación de Empresarios Terra de Melide chegou a un acordo coas empresas Mutua Gallega e Isonor Prevención para realizar no local social as revisións médicas obrigatorias aos traballadores de empresas e comercios. Os socios interesados en utilizar este servizo deben pórse en contacto coa asociación coa maior brevidade posible, para que ésta poida confeccionar os diferentes grupos e a data de realización das revisións. De non ser así, a asociación entenderá que non están interesados no uso deste servizo.

Cursos de manipulador de alimentos en ASETEM

A Asociación de Empresarios Terra de Melide, en convenio coa Consellería de Sanidade, ofrece periódicamente cursos para todos os interesados en obter o Diploma de Manipulador de Alimentos. Teñen unha duración de tres horas e son impartidos pola bióloga Carmen Valiño. O próximo terá lugar o día 4 de abril en horario de 17 a 20 horas no local social de ASETEM. Os interesados poden inscribirse chamando de 11 a 13 horas ao teléfono 981506188. O prezo do curso é de 10 € para socios e 30 € para non socios.

ASETEM despide o 2004 cun importante balance de actividades

Desde bolsas de papel para o comercio ata unha entrevista con Núñez Feijoo

Redacción
Melide

Ao longo deste ano que vimos de despedir, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM), levou a cabo moi diversas actividades. Todas elas encamiñadas ao benestar dos seus socios e ao impulso do mundo da empresa na comarca, aínda que tamén dedicaron parte do seu tempo a temas de índole social.

A continuación ofrecemos un resumo do labor de ASETEM no ano 2004.

Autovía

Continuando co labor de anos anteriores, seguiuise en colaboración coa Plataforma Autovía por Melide loitando polo cambio de trazado para que este pase o máis preto posible do polígono industrial da vila, así como do seu casco urbano. Nestes momentos, representantes de ASETEM e da plataforma veñen de reunirse co xefe de servizo da Demarcación de Carreteras do Estado, xuntanza da que se informará proximamente.

Xornadas e seminarios

Xornada Taller da Empresa Familiar: Celebrouse na sé social de ASETEM en colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC) o día 3 de novembro. Nela tratáronse temas como a planificación estratéxica, a sucesión e o traballo na empresa familiar.

Cursos de formación

Autorización e posterior realización de cursos de Manipulador de Alimentos os días 28 de xuño e 20 de setembro. Estes cursos teñen continuidade no presente ano 2005, e o seguinte vaise impartir o próximo día 4 de abril.

Participación en actos

-Inauguración da nova sé social da Federación Gallega de Comercio.

-Asistencia á presentación e lanzamento do foro de inno-

vación tecnolóxica de A

Coruña.
-Diferentes reunións do Consello de Presidentes da Confederación de Empresarios de A Coruña.

-Conferencia "La hora del periodismo independiente" celebrada en A Coruña.

-Asistencia á toma de posesión da alcaldesa de Melide, Ánxeles Vázquez.

-Participación de José Antonio Rodríguez Álvarez, como representante de ASETEM en todas as reunións do Consello Escolar do IES de Melide ao longo do ano.

Convenios

-Isonor S.L., para ofrecer aos asociados servizos de prevención de riscos laborais para as súas empresas, realizados por técnicos profesionais, cualificados en materia de seguridade, hixiene industrial e ergonómica e psicoloxía aplicada, con ampla experiencia demostrada e unha importante redución no custo dos servizos.

-Caixanova. Vantaxes á hora de tramitar un crédito hipotecario ou leasing.

-Centro tendas. A través da tarxeta "Punto Oro", calquera establecemento que o desexe pode aprazar o pago das compras aos seus clientes ata seis meses sen intereses para o cliente e cuns intereses mínimos para o comerciante. Deste xeito, favoréceselle o sistema de pago ao cliente podendo competir coas grandes áreas, que ofrecen infinidade de facilidades de pago.

-Mutua Gallega e Isonor Prevención para revisións médicas a empregados na sé social da Asociación.

Descontos aos asociados

En diferetes establecementos da comarca, por exemplo, un 10% en Óptica Abal, 20% en Kick Boxing Melide Gim, etc. Descontos en combustible de ata catro céntimos de euro na Estación de Servizo Terra de Melide.

Invitacións gratuítas

A diferentes feiras e exposi-

cións, ademais de importantes descontos nos desprazamentos. Como exemplos, a Feira de Mostras de Asturias, Automóbil en Madrid, Franquía de Valencia, FIMI, etc.

Entrevistas

-Co conselleiro de Política Territorial Alberto Núñez Feijoo. José Antonio Rodríguez Álvarez asistiu a unha cea coloquio na que o conselleiro lle informou detalladamente das actuacións levadas a cabo en relación co Plan Galicia.

-Co IES de Melide, para falar da implicación empresarial á hora de tentar conseguir novos ciclos formativos para o Instituto, ademais de intentar manter o ciclo de comercio.

Envío de cartas

-Ao Concello de Melide.

a) Polo que atinxe ao tema dos residuos, solicitando un punto limpo para Melide.

b) Pola contaminación do río Furelos e a necesidade dunha nova depuradora de augas.

c) Solicitando información sobre a autovía Santiago-Lugo.

d) Solicitando información relativa á revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Melide.

e) Instando á mellora do alumado nas rúas da vila.

-Ao Ministerio de Fomento. Reclamación polo estado do pavimento no tramo comprendido entre o Leboreiro e Melide e interesádoose polas actuacións previstas para esta estrada.

Outras actividades

-Cesión gratuíta do local a socios para reunións de empresas.

-Tramitación de subvencións coa Deputación Provincial, Política Lingüística, e diversas Consellerías.

-Calendarios laborais, follas de reclamacións, libro de franquías, carteis de campaña de rebaixas, bolsas do comercio..., a dispor de todos os asociados.

Ampla oferta de actividades deportivas en Melide

Fútbol, fútbol sala, baloncesto, patinaxe e psicomotricidade

Redacción
Melide

As escolas deportivas

O fútbol sala é o deporte estrela en España e en Melide. 145 nenos de entre 8 e 18 anos forman parte dos equipos das cinco categorías das escolas: benxamíns, alevíns, infantís, cadetes e xuvenís. As nenas, pola súa parte, teñen os seu espazo reservado no equipo feminino de fútbol sala, formado por 20 compoñentes. Ademais, dez destes equipos están competindo nos campionatos do Deporte Escolar, con rivais de Boimorto, Toques e Arzúa. O baloncesto tamén ten afeccionados e bos xogadores en Melide. Uns 25 nenos entrenan periódicamente dirixidos por un entrenador do Clube de Baloncesto Breogán (equipo lucense da liga ACB), a través dun acordo asinado entre este equipo e o Concello de Melide. E como terceiro deporte, a patinaxe. 25 nenos están xa aprender as técnicas deste deporte, minoritario no país,

pero moi atractivo para os rapaces e rapazas.

E os máis pequenos da casa contan tamén cun espazo reservado para eles nas escolas deportivas: as clases de psicomotricidade. Dez meniños de entre 3 e 6 anos están este curso apuntados a esta actividade que axuda a desenvolver o seu corpo e a manterse "en forma".

Os problemas

Fontes próximas ás escolas coinciden en afirmar que a maior carencia que teñen estas actividades é a de persoal laboral. Todos os equipos excepto o de baloncesto son adestrados pola mesma persoa, empregada polo Concello de Melide, quen ademais se ten que encargar de que os nenos se porten ben nos partidos. Por outro lado, o orzamento tampouco é suficiente, xa que ás veces, os rapaces de fútbol sala dun equipo xogan pola tarde coas mesmas camisetas coas que xogaron outros pola mañá, a falta de tempo para lavalas e secalas.

O Melide Fútbol Sala

É un equipo federado que

está competindo na liga provincial. Nestes momentos, de terceiros na clasificación. Ademais, complementáanse cun equipo de xuvenís que compiten na liga local.

O CIRE

O clube de fútbol conta con tres equipos que están a competir na liga rexional, un de xuvenís en primeira e os infantís e cadetes na segunda.

Bastante ben situados na clasificación contan, sen embargo, cun grave problema de infraestrucuras. O campo de fútbol da vila atópase en condicións pésimas, tanto no terreo de xogo coma nos vestiarios, estes últimos faltos de limpeza e atención por parte da directiva do clube, e carentes de auga quente en numerosas ocasións. De feito, os partidos da casa teñen que ilos xogar ao campo de Vilasantar.

Á espera do prometido novo campo de fútbol, os xogadores do CIRE reclaman máis atención ao seu equipo directivo.

A Deputación concede 20.000 euros ao conservatorio de Melide

147 alumnos beneficiaránse desta axuda

Redacción
Melide

Por primeira vez, a Deputación de A Coruña destina axudas aos conservatorios da provincia, e Melide vai recibir a cantidade máxima establecida na convocatoria: 20.000 euros. Na xunta da Comisión Avaliadora celebrada a finais de decembro decidiuse a concesión desta axuda co obxectivo de "contribuír á difusión e á promo-

ción da música na provincia".

O conservatorio de Melide conta con 147 alumnos e 18 profesores, que realizan unha actividade de corenta horas lectivas á semana. Desde o organismo provincial aseguran que seguirán "apoando economicamente aos conservatorios e escolas de música municipais da provincia" en anos vindeiros.

Os títeres Cachirulo presentaron a súa versión do clásico Pinocho

Os nenos dos tres colexios públicos de Melide asistiron á representación



Os nenos escoitaron atentamente a representación o pasado 17 de decembro no Pazo de Congresos e

exposicións da vila, nun acto organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Melide.

Os Magos de Oriente visitaron Melide e foron recibidos por máis de 500 nenos

Redacción
Melide

As Súas Maxestades de Oriente non chegaron ao Cantón de San Roque en camellos, senón nun descapotable, dando así conta da súa adaptación aos novos tempos. Alí cambiaron de vehículo e subiron ás súas carruaxes para iniciar o percorrido por Melide ata a igrexa da vila repartindo caramelos aos nenos que os acompañaban.

Unha vez alí, cada un dos monarcas, acompañados dos seus paxes, ofreceron unha recepción para os máis pequenos, na que puideron



O Rei Melchor e os paxes nun momento da recepción

aproveitar para informarlles do ben que se tiñan portado durante o ano.

Despois, os Reis Magos

fixeron un percorrido polas casas máis desfavorecidas de Melide para deixar nelas os seus agasallos.



Villamor
Inmobiliaria

Compra-venta de:

Casas-Pisos-Solares-Fincas ...

Tfno. 981 815 330 - www.inmobiliariavillamor.com

Os rapaces de Melide despiden o ano cunha festa de Nadal

Inchables, karaoke piñata, caramelos e moito máis



Nenos e nenas na festa infantil do día 29 de decembro

Redacción
Melide

Entre 300 e 350 nenos, segundo fontes do Concello, asistiron a esta festa infantil e xuvenil organizada pola Concellería de Cultura.

Entre as catro e as oito da tarde do pasado 29 de decembro, os rapaces e rapazas da vila que aistiron ao Pazo de Congressos e Exposicións, tiveron a oportunidade de divertirse coas actividades organizadas para a festa. Incluso Papá Noel quixo sumarse a unha festa na que había cousas coma unha piñata, un touro mecánico para os máis atrevidos, un fútbol humano, un karaoke para os cantareiros e cantareiras, sete inchables para os saltaríns e, por suposto,

moitos caramelos.

A festa do IES celebrouse unha semana antes

O escenario foi o mesmo; o Pazo de Congressos e Exposicións de Melide, pero as actividades foron ben diferentes.

O día 22 de decembro, os rapaces de terceiro da ESO do IES de Melide organizaron unha festa para recaudar fondos para a súa excursión de fin de curso.

As actividades para o divertimento dos asistentes estaban baseadas en xogos tradicionais, continuando co labor a favor destes entretementos ancestrais que están a levar a cabo no Instituto.

A entrada tiña o prezo dun euro e asistiron arredor de duasetentas persoas.

En 2004 achegou xa unha partida pola mesma cantidade

A Deputación renova a axuda ao Museo con 36.000 euros máis

Despois de dúas visitas de responsables da Deputación provincial, esta realización das obras necesarias no museo, inaugurado en 2001.



Redacción
Melide

Durante os meses de maio e xullo de 2004, o Museo da Terra de Melide recibiu as visitas dos deputados

provinciais Celestino Poza e Socorro Cea, así como a do vicepresidente da Deputación e ex-alcalde de Ferrol Xaime Bello. Percorreron con atención

todas as salas e comprometeron o "firme apoio da Deputación" para o único museo comarcal da provincia de A Coruña.

O vicepresidente Xaime Bello amosouse incluso "sorprendido" ao coñecer un museo "tan completo" nunha vila pequena.

As obras

Trala ronda de visitas, decidíronse as obras ás que irían destinados os cartos.

Durante este ano, vaise colocar madeira no chan das tres plantas e un novo pasamáns nas escaleiras. Tamén se vai mellorar a iluminación de todas as salas e colocar un letreiro na fachada do edificio.

Os veciños da comarca na Radio Galega

Redacción
Melide

O programa da radio autonómica "O Miradoiro", presentado por Santiago Dávila, está a facer un percorrido por varias vilas galegas. Os veciños son os protagonistas dunha especie de competición entre localidades: preguntas, probas, etc. E, por suposto, poden

asistir todos os veciños interesados como público.

O luns día 10 estiveron en Vilasantar, o martes 11 en Toques, o mércores 12 en Santiso, o xoves 13 en Sobrado e o venres 14 en Melide.

O programa escóitase na frecuencia da Radio Galega en todo o territorio autonómico,

e os mellores terán interesantes premios.

Os gañadores a nivel galego estarán invitados a facer unha ruta por Galicia durante sete días en hoteis de catro e cinco estrelas, co itinerario que prefiran. Os segundos terán dous ordenadores portátiles e os terceiros dúas cámaras dixitais.

centro comercial **ares** FERRETERÍAS
Rúa de Coruña, 33 - 15800 Melide (A Coruña)
Tfno: 981 50 54 68

Un reto hacia el futuro.
Gracias por vuestra confianza.

Galafación.
El calor de su Hogar
Todos los sistemas para evolucionar la calefacción individual.


Joyería **Oro Ley**
Taller Propio

Rúa San Pedro, 14
15800 MELIDE (A Coruña)

Tel.: 981 50 54 68

A orixe do Camiño de Santiago “O camiño francés”

Segunda Parte
XOSÉ DOMINGOS FUCIÑOS




Plano 2. Reproducción do libro “El Camino de Santiago”(MOPU 1991, Madrid)

A Afonso II “O Casto”, sucedeuno no trono Afonso III, que no ano 910 traslada a León a capital do Reino Astur; polo que o “Camiño Primitivo” perde tránsito de peregríns a favor do novo

trazado de León-Astorga-Santiago, como podemos observar no plano nº2. Isto aconteceu no século X, converténdose León nun punto de paso obrigado para os que seguían o camiño a

Compostela, ao ser a ruta máis curta e cómoda (doada) que a “ovetense”. Nesta nova ruta, reutilizan os vellos caíños castrexos e romanos.



Plano 3. Reproducción do libro “El Camino de Santiago”(MOPU 1991, Madrid)

Nos séculos XI e XII, e grazas a rematar a reconquista definitivamente no norte, e sobre todo aos reis navarros, e máis en concreto ao Rei Sancho Garcés III, coñecido “Sancho O Maior”

(1004-1035), foise consolidando a nova ruta. O “Camiño Francés” traxo por: Burgos (século do novo Condado de Castela, século X), Nájera (capital do Reino de

Navarra, século X), Puente la Reina (século IX, que pola súa importancia debeu de contribuir decisivamente na redifinición da rede viaria actual), e deste xeito, chegar aos Pirineos (Plano nº3).

Escaparates

EMILIO ARES RICO

A compostela conséguese facendo o camiño.

Hoxe veñen os Reis Magos, e estou predisposto maxicamente para que se cumpran todos os desexos do meu pobo.

No mundo dos negocios cobra importancia fundamental a imaxe e a presentación dos produtos, dándolles ilusión para crear bós escaparates, que nos deron sempre categoría, maior venda e un valor engadido ante calquera competencia.

Nunca soñando se me pasaría pola cabeza que quedase un concurso deserto do primeiro premio por falta de concursantes, cando nese concurso non hai normas nin directrices. Soñei en carbóns, nun inferno terrenal. Espertei vendo quen era o xurado: ACEIM, política rasteira, cunha única fin: controlar o poder. Así nos vai a todos.

Os soños son realidades. Nós non merecemos carbóns. Os nosos Magos son xenerosos. Sabemos que Floristería Tarrío ou Ribeirao, entre outros, comprenden esta actitude, posto que a única fin é a de colaborar. Non desaxía expresar os meus soños ocultos, posto que a Asociación da que formo parte intenta dar o

maior grao de confianza ás autoridades que nos representan, sempre que colaboren e funcionen con transparencia, para que, en Melide, alcancen a maior cota de rendibilidade comercial e industrial. Non desexaría ser perverso nin rabudo, pero se as circunstancias seguen no camiño da non colaboración, obrigánnos a seguir na revolución pendente, a arma dos de abaixo para facer funcionar aos de arriba. Así, os Magos séguennos maltratando, pero somos conscientes de que grazas a ese maltrato temos conseguido moitas cousas boas para a nosa vila.

A ilusión hai que xerala e impulsala desde a oferta e a imaxe. ¿Que mellor imaxe que un bó escaparate? ¿Que mellor soño que a elaboración de ese escaparate como reclamo de dita oferta? Somos realistas con grande ilusión comercial, que levamos nas nosas veas, demostrando sempre a grande imaxe comercial que temos todos os melidenses. Ningúen nos pode sacar ese crédito. Fainos diferentes do resto das vilas. Por iso sei que só soñei que non había primeiro premio de escaparates.

O Xacobeo nas páxinas dunha revista norteamericana

Redacción
Melide

A revista norteamericana “Forbes” e o semanario publicou recentemente unha reportaxe na que recollen a importancia da Ruta Xacobeá. Leva por título “Easy Pilgrim” (“Fácil Peregrino”) e o seu autor, o xornalista Joshua Levine, dá conta da relevancia do fenómeno Xacobeo, narrando, entre outras, a historia da aparición dos restos do

Apóstolo Santiago no século IX.

O autor destaca, ademais, a hospitalidade da xente ao longo do Camiño, así coma a infraestrutura existente para albergar aos peregríns. Neste sentido, sinala os albergues como “verdadeiros centros de socialización” e “berces da solidariedade” que, segundo Levine, xorde entre os que realizan o Camiño de Santiago.

O Xacobeo remata cun balance de case 4.000 actos e máis de 6,5 millóns de turistas

Redacción
Melide

O peche da Porta Santa da Catedral de Santiago puxo fin ao Ano Santo de 2004, no que máis de seis millóns e medio de turistas se achegaron a Galicia e doce millóns de visitantes á súa capital, co obxecto de gozar, non só da celebración deste evento, senón dos case 4.000 actos lúdico-culturais programados. Máis de 800.000 persoas

decidiron facer unha das diferentes rutas xacobeas a Santiago, pasando, na gran maioría dos casos, pola vila de Melide.

As previsións da Xunta de Galicia apuntan a que esta afluencia de turistas e visitantes permitirá xerar uns ingresos de 4.000 millóns de euros no sector turístico galego.

Un dos eventos estrela da programación do Xacobeo, con maior proxección internacional, foron os grandes

espectáculos que se iniciaron coa actuación en Santiago do grupo norteamericano Red Hot Chili Peppers, que contou coa asistencia de 30.000 persoas. Esta cifra repetiuse practicamente en cada un dos tres días dos “Concertos do Novo Milenio”, que lograron reunir no Monte do Gozo a case 90.000 persoas. Ademais destes actos lúdico-festivos, organizáronse máis de 200 exposicións de arte e 350 congresos.

Os motores da modernidade

VANESSA MARTÍNEZ

Nunca tan importante foi para as empresas o peso do capital humano. Nun tempo no que a tecnoloxía, as grandes cifras e as présas dos reloxios enchen todos os espazos laborais, cómpre un punto de mesura que aporte a cada proxecto intelixencia humana, sentido da practicidade, e unha proximidade que faga que todo o que se consegue co esforzo, á fin, mereza a pena. O peso das mulleres nas grandes empresas está a medrar de maneira vertixinosa. Precísanse mentes abertas e claras que saiban priorizar o interese humano sobre o imperativo dos bos resultados a calquera prezo, e as mulleres son unha fonte inesgotable de recursos para a convivencia. Nun ámbito como Melide e a súa comarca, elas están, case sempre, na orixe de todas as

iniciativas, mais aínda falta o día no que o seu labor sexa recoñecido por todos os sectores da sociedade. Crear riqueza non é amontoar cartos nun banco, senón dar coas claves para vivir en harmonía, cubertas as necesidades básicas, e co preciso para que cada día sexa unha experiencia nova que mereza ser vivida. E é aí onde as mulleres amosan o seu traballo, á fronte das familias, no momento último da toma de decisións, nas súas palabras de apoio ou de reprobación, pero tamén, moitas veces, cos seus silencios. É hora de que alguén valore estas actitudes, e saiba conceder a importancia que ten tirar cada día do peso dunha familia que, moitas veces, tanto coma algo que levar á boca precisa un bo consello, un colo no que aniñar ou,

simplemente, a palabra dunha nai. É posible que tardemos moitos anos en ver ás mulleres dirixindo os países de máis peso do mundo, pero o que xa demostraron foi que son o motor dese microuniverso que son as familias, as casas, as aldeas, a escola e tantos e tantos ámbitos nos que se botaba de menos unha man cálida que mirase polo auxe do social. Moitas veces bastaría unha simple mirada para agradecer toda unha vida de entrega das nosas mulleres galegas que deixan cada día a pel polos seus. Coraxe é sacar forza de onde non a hai, e tamén entrar nos terreos que dende sempre lles foron vetados. Hai poucas imaxes máis cheas de forza que a visión dunha muller colorada conducindo un tractor en calquera das nosas aldeas.

Mundo Misterioso A hipnose

ÁNGEL CURTIS

A hipnose consiste en inducir á mente obxectiva a que se retraia, sacando a primeiro plano a mente subxectiva, para ser dirixida e suxestionada polo hipnotizador.

Para realizar unha hipnose é primordial unha relaxación física e mental. Hai que significar que as persoas entre os 15 e os 20 anos, son na súa maioría hipnotizables, nas outras resulta máis difícil. Cando un individuo é hipnotizado por primeira vez, sóeselle pedir que tome a postura de sentado ou acostado, nun cuarto silencioso. O hipnotizador explicarlle o que vai suceder, un proceso preparatorio para inducir á persoa a unha mellor colaboración. A esta fase denomínaselle charla hipnótica. A partir de aquí indúcese ao suxeito á somnolencia, algúns piden ao "paciente", que mire fixamente algún obxecto brillante ou un punto de luz fixa colocado en determinada posición, producindo algo parecido ao estrabismo, isto fai que o hipnotizado sinta sono e desexe pechar os ollos. Despois alcanzará un estado de letargo e inmediatamente un estado de catalepsia. De aí pasa á somnolencia hipnótica. ¿Pode o hipnotizado actuar en contra da súa vontade ou sentido moral?. Non é fácil, pero se o hipnotizador logra vencer ao suxeito, de que se

atopa nunha situación apropiada, as dificultades que poría a súa moral para facer algo que considera indebido desaparecen. O hipnotizador pode suxestionar a un "bó suxeito", para que coma un limón moi acedo pensando que é unha laranxa, unha cebola por unha mazá, entregarlle unha bandexa baleira suxeríndolle que nela hai unha suculenta comida, e non só a come cos xestos apropiados, senón que tamén se poden chegar a producir cambios no volume do seu estómago. Unha forma de alucinación ten sido especialmente estudada na hipnose, e é a eliminación da dor. Chegáronse a efectuar intervencións quirúrxicas, partos sen dor, etc. Estas e outras cousas pódense conseguir mediante a hipnose, pero non debe ser usada por persoas que descoñecen totalmente as súas causas e os seus posibles efectos, xa que pode entrañar un serio perigo.

As hipnoses que máis impresionan son as realizadas en masa ou en medios de comunicación, polo espectaculares que resultan, de feito están montadas para selo. Estas hipnoses non merecen ningunha credibilidade, a maioría son charlatanismo. Polo tanto, nunca debemos confundir o gran valor da hipnose no campo da ciencia, con iso que ás veces resulta tan espectacular.

O Melide de onte



Campo de San Roque. Foto Adolfo, finais dos 50

Nesta foto dos anos cincuenta podemos ver o aspecto do Vello Campo da Feira de San Roque, despois da nova alineación e construción, en Madrid-París, Rañeiro, Boa Avenida, etc. 1952, das casas do cine

**“PROFESOR”
ÁNGEL CURTIS**

**CONOCE TU FUTURO
“AYÚDATE”**

MEJORA TU VIDA

**CONSULTA PREVIA CITA
TELF: 677 670 051**

**E-mail: angelcurtis@yahoo.com
www.angelcurtis.com**

Teléfonos de interese

URXENCIAS	
Urxencias Sanitarias.....061	MELIDE
Bombeiros.....080	Casa do Concello
Incencios Forestais.....085	981505003
	Centro de Saúde
	981505089
ORDE PÚBLICA	
Policía Municipal	
Urxencias.....092	Servizos Sociais
Melide.....981505003	981505012
Policía Nacional.....091	
Garda Civil	
Urxencias.....062	Consevatorio
Melide.....981505007	981507100
S.O.S	
S.O.S Galicia.....112	Centro Social da 3ª Idade
Protec.Civil.....670498848	981505706
	Parada de Taxis
	981505390
TRANSPORTES	
Renfe	
Nacional.....902240202	Albergue Xuvenil
A Coruña	Albergue do Peregrino
Santiago	660396822
Autobuses	
A Coruña.....981239099	Centro Ocupacional
Santiago.....981542416	981505003
Melide.....981505204	A.S.E.T.E.M
	981506188
Aeroportos	
A Coruña.....981187200	Fundación Terra de Melide
Santiago.....981547500	981507244
Vigo.....986268200	SANTISO
	Casa do Concello
	981818501
SERVIZOS E INSTITUCIÓNS	
Atención ao cidadán	
981120012	Centro de Saúde
	Agrochao.....981517803
Valedor do pobo	Visantofña.....981510749
981571900	Xulgado de Paz
	981 818501
Economía facenda	
981545151	SOBRADO
	Casa do Concello
Industria e Comercio	981787508
981544341	Desenvolvemento local
	981787508
Sevizo Galego Colocación	
981125000	Centro de Saúde
	981787744
Teléfono da Muller	
900400273	Mosteiro de Sobrado
	981787509
Teléfono do Menor	
900444222	Xulgado de Paz
	981787508
Dirección Xeral de Tráfico	
900125505	TOQUES
	Casa do Concello
Correos.....902197197	981505826
Auga.....981242322	Centro de Saúde
Electricidade.....981147200	981507301
Gas.....90076076	Xulgado de Paz
	981505826

Autobuses

MELIDE - A CORUÑA	MELIDE - SANTIAGO
De luns a venres:	De luns a venres:
9.30, 13.15, 17.00, 20.45,	6.45, 7.50, 10.15, 11.55,
Sábados:	14.05, 14.40 (per. lectivo),
9.30, 13.15, 17.00, 20.45	15.25, 17.50, 20.20
Domingos e Festivos:	Sábados:
9.30, 17.00, 20.15, 20.45,	7.50, 10.15, 11.55, 15.25,
22.30	17.50
Parada fronte á Cafetería	Domingos e festivos:
Marta	7.50, 11.55, 15.25, 17.50,
A CORUÑA - MELIDE	20.20
De luns a Venres:	Parada fronte á Pizzería
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	Xoldra
Sábado:	MELIDE - LUGO
8.00, 11.30, 15.30, 19.00	De luns a venres:
Domingos e Festivos:	7.55, 10.10, 11.55, 13.35,
8.00, 11.30, 15.30, 17.00,	16.05, 16.55, 19.25, 20.50,
19.00	21.50 (só venres lectivos)
MELIDE - FERROL	Sábados:
De luns a venres:	7.55, 11.55, 13.35, 16.55,
Non hai liña	19.25
Sábados:	Domingos e festivos:
19.15	7.55, 11.55, 16.55, 19.25,
Domingos e Festivos: 19.15	20.50
Parada fronte á Cafetería	Parada fronte ao antigo
Marta	bar Capitol.
FERROL - MELIDE	TOQUES - MELIDE
De luns a venres:	(Folladela-Fondevila)
Non hai liña	Luns a venres laborables:
Sábados:	Saída de Fondevila: 10.20
10.30	Saída de Melide: 12.30
Domingos e festivos:	Domingos excepto último
17.00	de mes:
MELIDE - OURENSE	Saída de Fondevila: 8.15 e
De luns a venres:	11.00
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Melide: 13.00
Sábados:	Último domingo de mes:
9.30, 12.30, 17.00, 20.00	Saída de Fondevila: 7.45
Domingos e festivos:	Saída de Melide: 13.00 e
9.30, 12.30, 17.00, 19.00,	14.00
20,00	MELIDE - TOQUES
Parada fronte á Cafetería	(Fondevila-Folladela)
Marta	Martes e venres laborables:
OURENSE - MELIDE	Saída de Folladela: 8.30
De luns a venres:	Saída de Melide: 12.30
8.00, 12.00, 15.30, 19.15	Domingos excepto último
Sábados:	de mes:
8.00, 12.00, 15.30, 18.00,	Saída de Folladela: 8.40
19,15	Saída de Melide 13.00
Domingos e Festivos:	Último domingo de mes:
9.30, 15.30, 18.00, 19.15,	Saída de Folladela: 8.30
21.00	Saída de Melide: 13.00 e
	14.00
	<i>Horarios aproximados que</i>
	<i>poden variar ao longo do</i>
	<i>ano.</i>

Actos do ano

XANEIRO: Festas de Nadal. Cabalgata de Reis.

FEBREIRO-MARZO: Entroido, con desfile de comparsas e concurso de disfraces.

ABRIL: Semana Santa. Procesións.

XUÑO: Na última semana de xuño ten lugar a Festa de Mostras de Galicia, que inclúe : Festa do Melindre, Festa da Terneira Galega e a Festa do Cabalo. O día 29 é San Pedro, festa en honor ao patrón de Melide.

XULLO: Do 16 ao 17 Festa do Carne, con concertos y outras actividades.No mes de xullo tamén teñen lugar os actos relacionados coa Orde de Cabaleiros e Damas do Camiño de Santiago e as Xornadas Gastronomicas do Camiño de Santiago.

AGOSTO: Do 15 ao 20 de agosto Festa do San Roque. Son as festas máis importantes da vila, con concertos e actividades múltiples: Día do Neno, Día do Emigrante, Día do Río, Percorrido Musical polas Rúas de Melide (o día 20), etc. Durante todo o mes de agosto celébrase o Campinato de Fútbol-sala, que organiza a Concellería de Cultura e Deportes do Concello de Melide.

SETEMBRO: O primeiro domingo de setembro celébrase a Festa de San Caralampio, festa onde o viño xoga un protagonismo especial.

NOVEMBRO: Semana da Música e Festival de Corais (organiza a Coral Polifónica de Melide).

DECEMBRO: Concerto do Nadal a cargo de la Orquesta Sinfónica de Melide e Concerto de Panxoliñas.

Para Julio Villamor, Melide necesita a actividade do campo para se desenvolver como vila

“O rural está totalmente parado, pero o urbano móvese moito”

Hai xa 25 anos que a Inmobiliaria Villamor abriu ás súas portas ao público en Melide e comezaba a funcionar en toda a comarca e tamén fóra dela, en lugares como Curtis, Rodeiro, Taboada, etc. Entón as cousas eran moi diferentes. Os prezos da vivenda no se parecían en nada aos de hoxe, tampouco os intereses bancarios nin a forma de comprar dos clientes. As hipotecas non eran o pan de

cada día das persoas e as parellas non compraban vivenda tan cedo. Hoxe as circunstancias cambiaron moito. Hai moi poucas persoas que poidan comprar vivenda sen hipotecala e as cifras das que falamos eran inimaxinables nos oitenta. 25 anos de inmobiliaria que deron para ver unha evolución interesante. E 50 anos de profesión de Julio Villamor que deron aínda para máis.

Redacción
Melide

Non é fácil conseguir resultados positivos nun negocio de venda de vivendas nunha comarca que diminúe a súa poboación ano a ano. Quizais a experiencia teña moito que ver, pero o mellor será preguntarllo a el...

¿Como unha empresa inmobiliaria consegue un balance positivo nunha comarca coa súa poboación en descenso?

Efectivamente, a zona cada vez morre máis, pero nós non temos a merma que poder ter outro tipo de negocio, porque nós compensámo-lo por outro lado. Ao diminuír a xente de aquí, os que quedan teñen máis poder adquisitivo. E por riba, o campo e a gandeiría andan moi mal e entón a xente vén á vila a comprar vivendas.

“A vivenda non se está vendendo polo que fixo o outro goberno nin o actual, senón porque os intereses son baixos”

Entón, ¿como responde a construción a esta demanda?

Estáse fabricando moita vivenda pero véndese toda. Eu penso que aínda se podería fabricar máis, pero con coidado, porque recoñezo que as cousas non poden seguir así por moito tempo.

¿Por que non? Cal é para vostede a situación actual da vivenda en Galicia e no Estado?

En Galicia, desde hai seis anos, a vivenda está moi



Julio Villamor leva 50 anos traballando no mundo do negocio inmobiliario

próxima a duplicar o prezo, e nas grandes cidades do Estado aínda é moito peor. Sen embargo, mentres que a vivenda subiu en seis anos, a nivel xeral, un 80%, os salarios subiron un 18%. Aínda que os bancos ofrecen uns intereses moi baixos, vai chegar un momento en que ningún asalariado vai poder comprar a súa vivenda.

¿Que lle parece entón a nova política de vivenda do goberno central?

A min paréceme ben que se intente parar a suba de prezos, aínda en contra do meu traballo, porque recoñezo que para o país sería un beneficio.

Pero a verdade é que a vivenda non se está vendendo tan ben polo que fixo o outro goberno nin polo que fixo o actual, senón porque os bancos ofrecen un interese baixo.

PREFERENCIAS DOS CLIENTES DA COMARCA

¿Casa ou piso?

Eu creo que un 75% quere casa, pero ten que conformarse cun piso porque é moito máis barato. Como media, unha casa normal costa tres veces máis que un piso normal.

¿Venda ou aluguer?

Véndese moitísimo máis que se aluga. Tanto é así que o aluguer está quedando hoxe para persoas de paso. Só se aluga persoas que veñen destinadas a un banco ou a calquera outra cousa, pero a xente de aquí, compra.

¿Núcleo ou aldea?

Núcleo. Nos meus cincuenta anos de profesión, o rural nunca estivo tan mal. Nunca tan pouco se moveu no rural. Estou seguro de que este ano non chegan as vendas do rural a un 10% do total, men-

tres que houbo anos que chegaban a un 50%. As casañas de pedra, hai moito quen as queira visitar, pero non hai tanto quen as queira comprar. Aí si se nota que a baixa foi bestial, pero a nós compénsanolo o que aumenta no urbano. O rural está totalmente parado, pero o urbano móvese moito.

O PROBLEMA DO CAMPO

¿E aquelas persoas urbanas que queren pasar a vivir no campo, lonxe do ruído e da contaminación?

Existe ese cliente, pero a maior parte desa xente que quería ir vivir á aldea termina vendendo a vivenda que comprou. Porque, efectivamente, farto de estar no ruído e no moito bullicio, chega aquí e pasa uns cantos meses moi tranquilo nese sitio apartado. Pero pasados eses meses quere volver ter

con quen tomar un café e charlar un pouco, e na aldea non ten. Entón termina vendendo a casa do campo e vén comprar un piso á vila. Eu podería citar máis dunha dúcia de persoas que o fixeron. O único, se queren comprar para pasar a fin de semana, pero para estar alí tempo, eu creo que non, porque esa soidade é tan excesiva coma o ruído que ten no outro lado. Non se queda nun término medio.

“Nos meus cincuenta anos de profesión, nunca se moveu tan pouco no rural”

¿Como cre vostede que se podería incentivar a compra no rural?

Facendo unha concentración parcelaria onde a cada propietario lle queden só tres fincas: unha unida á súa casa, outra en terra de labor e outra en terra forestal. Para min, a saída do campo galego é esa, non as cooperativas nin as concentracións parcelarias que veñen facendo coas que lles deixan fincas moi pequeniñas. Se fíxesen unha concentración dese tipo, eu creo que volvería moita xente ao campo porque gañaría tanto coma na industria. Pero mentres teña o campo dividido de tal xeito que non pode traballar con ningunha máquina porque pasa máis tempo polos camiños que traballando, pois non é rendible.

Eu creo que a xente ten que mentalizarse dunha cousa: Melide non se desenvolve ata que non se desenvolva o campo. Non, porque fallan as raíces dela.

Faite air
con nosa nos

Cerne


Terra de Melide



Agencia distribuidora de
Repsol Butano. Tfno. de
pedidos: 981 505 010
Servicio Oficial. Tfno. de
averías: 901 121 212
Instalaciones de gas
Venta y reparación de
Gasodomésticos

Melligas, s.l.

Rda. de A Coruña, 56 - B.
15800 Melide (A Coruña)



Agencia de
Repsol Butano
n.º 15158



Cantón de San Roque, 17
15800 MELIDE (A Coruña)
TEL./FAX: 981 50 53 55

chaplin@comerciodegalicia.com

Raciones
Platos Combinados
Ensaladas
Desayunos

